



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

betanzos.net
<https://sede.betanzos.es>
correo@betanzos.net

ANUNCIO DE COBRANZA DO PADRÓN DA PRESTACIÓN PATRIMONIAL DE CARÁCTER PÚBLICO NON TRIBUTARIA POLA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DE COMEDOR E MAÑANCEIROS CON E SEN ALMOZZO NO CEIP FRANCISCO VALES VILLAMARÍN DE OUTUBRO 2025

Pola presente faise saber que por resolución nº 2021/2025 de data 04/11/2025 do Concelleiro delegado de Economía e Facenda foi aprobado o padrón da prestación patrimonial de carácter público non tributaria (en adiante PPPNT) pola prestación dos servizos de comedor e mañanceiros con e sen almorzo no CEIP Francisco Vales Villamarín, correspondente ao mes de outubro de 2025.

O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva, ao abeiro do disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria. Establécese un período de exposición pública de 20 días hábiles a contar desde o seguinte ao da presente publicación no Boletín Oficial da Provincia, durante o cal as persoas interesadas poderán examinar o expediente na Tesourería Municipal.

Poderanse interpoñer, no seu caso, os seguintes recursos:

- O recurso de reposición regulado no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da finalización do período de exposición pública, perante a Alcaldía, que será resolto no prazo máximo de un mes, transcorrido o cal entenderase desestimado.
- Contra a desestimación do recurso de reposición poderase interpoñer recurso contencioso administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses dende a notificación da resolución se esta é expresa ou no prazo de seis meses dende o día seguinte a aquel no que se produza a desestimación presunta.

De conformidade co previsto na ordenanza reguladora da PPPNT pola prestación dos servizos de comedor e mañanceiros con e sen almorzo no CEIP Francisco Vales Villamarín a obriga de pago nace coa solicitude de inscrición nos servizos. O medio de pago ordinario será o de domiciliación bancaria nas contas sinaladas polos obrigados tributarios. Os recibos pasaránse ao cobro unha vez transcorridos 20 días hábiles desde a publicación deste anuncio no BOP da provincia.

O período voluntario de pago será de dous meses dende o día seguinte ao da publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, transcorrido o cal as débedas serán esixidas mediante o procedemento de prema e reivindicaranse os correspondentes recargos do período executivo, os intereses de demora e, no seu caso, as costas que se produzan, conforme os artigos 26, 28 e 161 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria.

O que se fai público para xeral coñecemento.

Betanzos, na data da sinatura electrónica.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

A Alcaldesa
María Barral Varela